PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Manuela del Palacio García

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

Departamento de Orientación
I.E.S. SAN TOMÉ DE FREIXEIRO
Curso 2018 – 2019

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. MARCO LEGAL XERAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

3. OBXECTIVOS XERAIS.

4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

5. FUNCIÓNS E PROCEDEMENTOS.

5. 1. FUNCIÓNS E PROCEDEMENTOS COAS FAMILIAS.

5. 2. FUNCIÓNS E PROCEDEMENTOS CO ALUMNADO.

5. 3. FUNCIÓNS CÓ GRUPO-CLASE.

5. 4. FUNCIÓNS E PROCEDEMENTOS CÓ PROFESORADO.

6. ACTIVIDADES.

6. ACTIVIDADES.

7. AVALIACIÓN.

8. BIBLIOGRAFÍA.

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. MARCO LEGAL XERAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.

O Plano de Acción Titorial (P.A.T.) é o marco no que se especifican os criterios e procedimentos para a organización e funcionamento das titorías de cada curso e nivel.Inclúe as liñas de actuación que cada titor/a desenvolverá cos/cas alumnos/as e a súas familias, así como co equipo educativo adscrito a cada nivel, as cales veñen enmarcadas no Regulamento Orgánico dos I.E.S. Decreto 324/ 96 , 26 de Xullo (DOG do 09/08/96).

En dito R.O.C. establécese, no título III que aborda os órganos de coordinación docente, que :

-A xefatura do Departamento de Orientación desempeñará entre outras a función de: "elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.), as propostas de organización da orientación e do Plan de Acción Titorial do centro.

-Cada titor participará no desenvolvemento do P.A.T. e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefa de estudos e en colaboración co Departamento de Orientación (D.O.).

-A C.C.P.: " …velará para que a elaboración dos P.C.E., na que se incluirán o P. A.T. e o P.O.A.P.se realice de acordo cos criterios establecidos no claustro ".

O P.A.T. deberá estar presente no proceso de desenvolvemento curricular :
-No P.E.C. e nas programacións.
-Nos órganos de goberno e de coordinación docente.

A directora do centro será o responsable último de que a orientación forme parte integrante da oferta educativa e contribúa ao logro do fin último da educación: o desenvolvemento persoal do alumnado.
A xefa de estudos supervisará o funcionamento e coordinación da acción titorial, así como de a distribución de espazos e tempos da mesma e a posta en marcha de plans concretos de orientación. O D.O. elaborará e coordinará o seu desenvolvemento.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O I.E.S. San Tomé de Freixeiro de Vigo, no curso 2017/2018, presenta un total de 28 unidades:

- 4 unidades de 1º de E.S.O.
- 4 unidades de 2º de E.S.O.
- 1 unidade de 1º de PMAR.
- 4 unidades de 3º de E.S.O.

- 1 unidade de 2º de PMAR.
- 4 unidades de 4º de E.S.O.
- 5 unidades de 1º de Bacherelato
- 5 unidades de 2º de Bacherelato

O noso IES está ubicado no centro da cidade. O alumnado pertence a familias de clase media e de medios desfavorecidos, onde a crise fixo estragos. Tamén contamos co poboación inmigrante, primordialmente chineses e suramericanos. Destacar que en 1º de Bacherelato incorpórase alumnado novo que veñen de diferentes centros educativos. Neste curso escolar contamos con 796 alumnos/as, 496 da ESO e 300 do Bacharelato.

Noso centro nútrese primordialmente do alumnado do CEIP Lope de Vega, sendo menor o número do alumnado que proveñen do CEIP Altamar. A coordinación destes centros, dende os distintos Departamentos de Orientación, será prioritaria para o bo funcionamento da orientación na zona. No último trimestre facemos unha xornada de portas abertas para o profesorado titor e xefatura de estudos e orientación e o alumnado que o seguinte curso escolar acudirá ao noso centro.

Tamén será interesante reunirse cos xefes dos Departamentos de Orientación dos centros de secundaria da zona para intercambiar información e recoller ideas sobre os proxectos que están a desenvolver.

3. OBXECTIVOS XERAIS .

Tendo sempre en conta que o obxectivo primordial da educación é o desenvolvemento integral da persoa, destacamos os seguintes obxectivos xerais que todo P.A.T. debe contemplar:

-Dinamizar o Plan de Convivencia a través das titorías.
-Poñer en marcha programas preventivos ante o acoso escolar e intervir asesorando no proceso de supostos casos de acoso.
-Promover a mediación como forma de resolver os conflitos.
-Sensibilizar ao alumnado sobre a igualdade de xénero.
-Favorecer a inclusión e participación do alumnado no centro.
-Seguimento personalizado do proceso da aprendizaxe do alumno.
-Comunicación fluída coas familias.

As actuacións contemplarán o asesoramento para actividades e programas para desenvolver no grupo-clase, na hora semanal de titorías, como individuais co alumnado que o precise.

4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN .

A titoría é a acción de axuda e orientación ao alumnado que o profesor/a pode realizar en paralelo á súa propia acción docente. A acción titorial exténdese ás familias do alumnado e ao resto do profesorado.

De acordo con isto, os ámbitos de actuación do P.A.T. serán os seguintes:

-Alumnado, individual e grupalmente.
-Equipo docente.
-Familia.

5. FUNCIÓNS E PROCEDEMENTOS.

O Plan de Acción Titorial proposto diríxese ao alumnado da etapa de E.S.O. aínda que implementaremos unha serie de actividades para os Bacharelatos, que contemplaremos no noso POAP e que será máis puntual dado que non hai hora semanal de titoría e interveñen outros factores como a idade do alumnado, intereses e preferencias.
É moi importante subliñar que é ao comezo desta etapa onde se producen os cambios fisiolóxicos e psíquicos que preceden á adolescencia, os cales son coñecidos como pubertade. É por isto que o seu coñecemento será crucial para o desenvolvemento xeral do alumnado.

No noso centro existen dezaoito unidades da E.S.O. e dez de Bacharelato, cada unha das cales ten o seu titor correspondente. Para favorecer a organización e coordinación da acción titorial o Departamento de Orientación apoiará e asesorará as súas funcións, procedementos e actividades. As reunións cos titores serán trimestrais e por niveis e serán presididas pola xefa de estudos e a xefa do D.O.. Tamén existirá unha reunión xeral ao inicio de curso con todos os titores. Esta perioricidade é mínima e parécenos que non é a apropiada para facer un seguimento exhaustivo do alumnado. Tamén sempre que sexa necesario a xefa de estudos e orientadora convocarán unha reunión co titor/a e o equipo de profesores/as que impartan clase no grupo.

Pasemos agora a propoñer as funcións e procedementos que se levarán a cabo en tres ámbitos: familia, alumnado e profesorado.

5. 1. FUNCIÓNS E PROCEDEMENTOS COAS FAMILIAS.

As funcións neste ámbito son:

- Informar as familias sobre a actividade docente que se desenvolve no centro.
- Implicar as familias no proceso de ensino-aprendizaxe, sobre todo no ámbito da orientación e apoio á aprendizaxe.

PROCEDEMENTO:
Para que estas funcións poidan desenvolverse, será necesario levar a cabo actividades colectivas e individuais.

En canto ás actividades colectivas, estas consisten en establece reunións anuais cos/as pais/nais, xeralmente dúas:
Unha primeira reunión no primeiro trimestre, na que actuaremos conxuntamente co equipo directivo, neste curso escolar estará presidida pola directora e a xefa do DO. A información será de carácter académico: obxectivos xerais de curso, asignaturas, profesorado, normas xerais do centro, horarios de titorías para pais e horario de atención ás familias do Departamento de Orientación, posibilidades de colaboración das familias nas actividades do centro.
Así mesmo, abordaranse nesta primeira reunión as condicións ambientais do estudo, a planificación do traballo , a importancia da motivación e o estudo diario. Así como organizar o tempo de lecer con actividades que completen a súa formación e desperten os seus hábitos saudables.

A segunda reunión será no segundo trimestre e terá carácter propedéutico orientando ás familias sobre as saídas académicas ao rematar as distintas etapas na educación secundaria.

En canto ás actividades individuais, fan referencia á necesidade de planificar entrevistas coa familia de cada alumno/a, co fin de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe coas súas características concretas.
Sería conveniente planificar, como mínimo, unha entrevista inicial, que tería como obxectivos:

a) Recoller información sobre os seguintes aspectos:
- Datos sociofamiliares.
- Datos médicos e de saúde.
- Relaciones familia-alumno.
- Expectativas e intereses do alumno.
- Conduta na casa e no seu medio.
- Rasgos de personalidade, segundo a percepción dos pais.
- Actitudes e rendemento escolar do alumno.

b)Contrastar a información coa existente de cursos anteriores.

Ademáis, é conveniente realizar entrevistas individuais nos casos do alumnado con necesidades educativas especiais, co fin de coñecer o ambiente

sociofamiliar para orientar e pactar actuacións de mellora nas que estean implicados pais, profesorado e alumnado.

5. 2. FUNCIÓNS CÓ ALUMNADO.

A relación das funcións có alumnado son:

- Fomentar a convivencia no centro.
- Favorecer a inclusión do alumnado no grupo e no centro.
- Detectar os seus problemas de aprendizaxe para realizar, se é preciso, as adaptacións oportunas.
- Desenvolver as súas habilidades sociais e emocionais.
- Profundizar no coñecemento do alumno/a na súa dimensión persoal, social e educativa, co obxecto de personalizar o ensino.
- Identificar e valorar o rendemento académico en relación ás súas capacidades.
- Axudar ó/á alumno/a para que desenvolva o seu traballo de forma autónoma e eficaz.

5. 3. FUNCIÓNS CÓ GRUPO-CLASE.

Estas funcións serán as seguintes:

- Impulsar as actitudes participativas, cooperativas e de respecto mutuo.
- Resolver os conflitos que xurdan, mediante o diálogo construtivo.
- Axuda ó grupo a establecer o seus propios obxectivos, as normas que lles guiarán, a participar co profesorado e o centro na organización e desenvolvemento de actividades que lle incumban.
- Fomentar a diversidade como forma de enriquecimento persoal e social.

5.4. FUNCIÓNS E PROCEDEMENTOS CÓ PROFESORADO

A relación de funcións có profesorado é a seguinte:

- Intercambiar a información sobre os alumnos e o grupo.
- Asesorar nas medidas de atención á diversidade.
- Coordinar as actuacións cos alumnos de apoio e alumnos con adaptacións curriculares individuais (ACIS), mediante reunións periódicas profesor de área e profesor de pedagoxía terapéutica e orientadora.
- Asesorar en metodoloxías cooperativas.
- Coordinar o proceso avaliador.
- Facilitar a toma de decisións académicas e profesionais.
- Favorecer a autoavaliación do alumnado/a e o seu coñecemento.

PROCEDEMENTOS:
Para levar a cabo estas funcións, temos que revisar expedientes e a información recopilada na reunión cos titores de educación primaria dos centros adscritos.

Antes da avaliación a xefa do D.O. reunirase individualmente co profesorado titor para darlle a información oportuna do alumnado con necesidades de apoio específico.

Dentro da programación do Departamento de Orientación, inclúense as accións encamiñadas a coñecer as competencias, intereses e rasgos de personalidade máis destacados, mediante distintas técnicas e instrumentos psicopedagóxicos como son: escalas de observación, probas psicométricas específicas (test),entrevistas individuais.... para os casos que así o requiren. As nosas actuacións van dirixidas a potenciar as fortalezas do alumnado.

É importante que os profesores de área elaboren e apliquen probas de avaliación inicial, o que axudará a unha mellor e máis pronta detección do alumnado con necesidades de apoio específico, e determinar a medida de atención á diversidade máis efectiva.

Pretendemos conseguir unha adecuada colaboración na realización das A.C.I.s., como o curso pasado, tanto coa aportación dos datos obtidos na avaliación da competencia curricular das áreas a adaptar. A cada alumno con ACI a xefa do D.O. elaborará un informe psicopedagóxico.

Sempre que as caracterísicas e necesidades dun alumno en concreto requírao convocaremos xuntanzas do equipo do profesorado para transmitirlles información e as pautas a seguir.

6. ACTIVIDADES

ACTIVIDADES PARA 1º e 2º de E.S.O.:

1º Trimestre

Xornadas de acollida para o alumnado: percorrido polo centro
Xornadas de acollida para os pais/nais: charlas impartidas pola directora e a orientadora e os titores
Ficha de datos persoais do alumnado
Normas do centro. Dereitos e deberes do alumnado
Elección de delegado
Prevención do acoso escolar: acollémonos ao Plan Director para a mellora dos centros educativos da Xunta. Obradoiro sobre seguridade en Internet e redes sociais.
Unidade didáctica sobre o ACOSO ESCOLAR elaborada pola orientadora.

“Axúdalle frente ao acoso escolar. Guía para padres” Elaborada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Programa de técnicas de estudo: horario e organización de estudo na casa
Preparación da 1ª avaliación

2º Trimestre

Autoavaliación da 1ª avaliación
Técnicas de estudo: subliñado e resumos
Visionado de películas sobre temas transversais: medio ambiente, saúde, solidaridade..
Obradoiro sobre prevención de drogodependencias. Concello de Vigo.
Traballamos sobre a Paz: mellorando a convivencia. Non ao acoso escolar.
Charlas sobre a igualdade de xénero
Preparación da 2ª avaliación

3º Trimestre

Autoavaliación da 2ª avaliación
Técnicas de estudo: os esquemas
Obradoiro sobre habilidades sociais
Preparación da 3ª avaliación
Autoavaliación do curso escolar e da titoría

As distintas charlas son impartidas coa colaboración do Concello de Vigo.

Acollémonos ao Plan Director para a mellora da Convivencia coa charla sobre “Prevención do acoso escolar e o ciberacoso”

ACTIVIDADES PARA 3º e 4º de E.S.O.:

1º Trimestre

Xornada de acollida do alumnado
Xornada de acollida para as familias, impartida pola directora, xefa de estudos, orientadora e titores
Ficha de datos persoais do alumnado
Normas do centro. Dereitos e deberes do alumnado
Elección de delegado
Actividades sobre igualdade de xénero. PROGRAMA ENLAZA, Concello de Vigo. Charlas e concentración na Praza do Rei dos IES inscritos ao prgrama.
Preparación para a 2ª avaliación

2º e 3º Trimestre

Autoavaliación da 1ª avaliación

Traballamos sobre a Paz: mellorando a convivencia. Non ao acoso escolar.
Unidade didáctica sobre o ACOSO ESCOLAR elaborada pola orientadora.
“Axúdalle frente ao acoso escolar. Guía para padres” Elaborada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Acollémonos ao PLAN DIRECTOR para a mellora da convivencia.
POAP: Plano de Orientación Académico e Profesional
Charla sobre optatividade en 4º de E.S.O. e conexións coas modalidades de bacherelato e os ciclos formaivos (3º de E.S.O.)
Charla sobre conexión entre E.S.O. e as modalidades de bacharelato e ciclos(4ºESO)
Charla sobre Programas de Iniciación Profesional de Base e ESA
Unidade didáctica sobre o acoso escolar
Preparación para a 2ª avaliación
Preparación para a 3ª avaliación
Avaliación da titoría
Autoavaliación do curso

Os talleres propostos impartirase coa colaboración do Concello de Vigo, especialmente este curso traballaremos a Igualdade de Xénero. Tamen como suxestións á vicedirección propoñemos obradoiros de educación afectivo-sexual e prevención de drogodependencias, coa colaboración do Concello

7. AVALIACIÓN DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL.

Na avaliación da titoría deben participar o/a titor/a, o alumnado e a xunta de avaliación.

Os indicadores que propoñemos para avaliar o funcionamento das titorías son:

- Planificación da titoría.
- Organización do traballo.
- Interese e motivación do profesorado titor.
- Atención individualizada.
- Rendemento e eficacia das reunións.
- Relación con pais/nais/titores legais
- Relación con alumnado
- Relación entre iguais

- Cumprimento das normas.

8. BIBLIOGRAFÍA

Os materiais adaptados polo Departamento de Orientación son:

- ROC, Decreto 324/96, 26 de xullo
- GÓMEZ e cols. : " Manual de T.T.I. Procedimientos para aprender " ed. EOS, 2ª ed. , Madrid,1991.
- GÓMEZ e cols. : "Cuadernos de trabajo 1 e 2 " ed. EOS, Madrid,1991.
- LOUZAO e PRIETO : " Novas técnicas de estudio para o Ensino Secundario ", ed. XERAIS ,Salamanca,1994.
- VALLES e YUSTE : " Cómo estudiar / 1 e 2 ", ed. CEPE, Madrid,1991.
- OCEANO GRUPO EDITORIAL : " Aprender a aprender.Técnicas de estudio " , ed. OCÉANO ,Madrid,1998.
- LOUZAO e PRIETO : " Cuaderno de técnicas de estudio " ed. PLAYOR, Madrid, 1994.
- LOUZAO e PRIETO : " Nuevas técnicas de estudio para la Enseñanza Secundaria." Ed. PLAYOR,Madrid,1995.
- NISBET J. : " Estrategias de aprendizaje ",ed. SANTILLANA ,Madrid,1993.
- PASTOR MALLOL,E. : " La tutoría en Secundaria ",ed. CEAC Barcelona,1995
- LÁZARO Y ASENSI : " Manual de orientación y tutoría ",ed. NARCEA,1986.
- ÁLVAREZ Y SOLER : " La diversidad en la práctica educativa.Modelos de orientación y tutoría ".,ed. CCS, Madrid,1996.
- ARROYO,CASTELO Y PUEYO : " El Departamento de Orientación:Atención a la diversidad "., ed.NARCEA,MEC,Madrid,1994.
  - BRUNET GUTIERREZ Y NEGRO FAILDE : " Tutoría con adolescentes " 10ª ed. ,Madrid,1997.
  - MORA,J. A. : "Acción tutorial " ed. NARCEA,Madrid,1997.
  - GIL MARTÍNEZ,R. : "Manual para tutorías y Departamento de Orientación" ed.ESCUELA ESPAÑOLA,Madrid,1997.
  - BLANCHARD Y MUZÁS : " Plan de acción tutorial en la E. S. O. " ed. NARCEA,MEC, Madrid,1997.
  - JIMÉNEZ, J.: "Cuadernos de acción tutorial. Guía del tutor" ed. ALFER, 1999
  - CASTILLO CEBALLOS, G.:"Claves para entender a mi hijo adolescente"ed PirámideMadrid, 2003
  - JARES, X.R.:"Pedagogía de la convivencia" ed. GRAÓ, Barcelona, 2006.
  - "Maltrato entre iguais" Xunta de Galicia
  - William Voors: "Bullying. El acoso escolar" Oniro, 2005
  - AVILÉS MARTÍNEZ, J.M.: "Insrumentos para la evaluación del bullying" 2014.
  - MARINA, JOSE-ANTONIO: "Los laberintos de la educación" 2010; "Despertad diplodocus!Una conspiración educativa", ed. ARIEL, 2015.

Asdo.: Manuela del Palacio García

Xefa do Departamento de Orientación